



Parlamento das Letras: Xosé Neira Vilas

Publicado o [13/06/2012](#)

Sobrevivir ao éxito é difícil. Reinventarse tras cada nova obra todo un reto. Velaí a angueira perpetua de Xosé Neira Vilas, autor dun clásico moderno (Memorias dun neno labrego, do que o ano pasado celebrabamos o primeiro cincuentenario) e, ende ben, responsable tamén de moitos outros importantes textos umbrados un tanto pola sombra daquela mítica obra.

Dende estas liñas quérese reivindicar esoutros Neira Vilas: o das excelentes narracións realistas de carácter social (Xente no rodicio, 1965; Camiño bretemoso, 1967; Remuíño de sombras, 1973...); o dos libros de relatos de forte simbolismo e logradas alegorías (A muller de ferro, 1969; O home de pau, 1999); o das prosas poéticas en volumes de retratos (Lar, 1974; Nai, 1980; Pan, 1986); o poeta con medio século de oficio e varias obras ás costas (Dende lonxe, 1960; Inquedo latexar, 1969; Poesía recadada, 1994; Dende Gres, 2004); o ensaísta destacado sobre a presenza dos galegos e a súa cultura en toda América e, especialmente, na illa de Cuba (con moi numerosos textos como Memorias da emigración, 1994, 1995 e 1996; Crónicas galegas de América, 1999, 2000 e 2001 ou A prensa galega de Cuba, 1985, entre moitos outros); o escritor especificamente infantoxuvenil (O cabaliño de buxo, 1971; Espantallo amigo, 1971; A marela taravela, 1976; De cando Suso foi carteiro, 1988; Chegan forasteiros, 1993); e aínda o esforzado tradutor, grazas ao cal hoxe podemos ler na nosa lingua textos como A Idade de Ouro (1991) de José Martí; Deprendendo a tirar soldado (1997) de Claudio Guillén, O camiño de Santiago (1993) de Alejo Carpentier etc.

Alén da memoria exquisita daquel neno labrego hai vida literaria e é de xustiza restituír unha visión integral da traxectoria como escritor de Xosé Neira Vilas. escoitar o maxisterio da súa palabra daranos a clave para camiñar na luz desa recuperación.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro texto en lingua galega saíu en xaneiro de 1954 no periódico *Adiante*, voceiro das Mocidades Galeguistas de Buenos Aires, asociación xuvenil que fundamos o 28 de agosto de 1953 no Centro Ourenán.

Despois, durante anos, colaborei nas diversas publicacións galegas da capital arxentina: *Galicia* (un periódico e unha revista co mesmo título), *Opinión gallega*, *Lugo*, *Orzán*, *A Nosa Terra*, *Galicia Emigrante...* e tamén en periódicos galegos de Rosario, Santa Fe e Montevideo. En 1960 publiquei o meu primeiro libro, *Dende lonxe* (poesía), e en 1961 a miña novela *Memorias dun neno labrego*.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A obra que tivo mellor trato, incluso internacional, foi *Memorias dun neno labrego*, novela publicada en Buenos Aires en 1961. En xeral non me queixo. Mais, se teño que dicir algo neste sentido, podería sinalar que o meu libro-reportaxe *Galegos no Golfo de México* (entrevistas a pescadores galegos asentados en Cuba) tivo boa acollida local nas Mariñas, de onde procedían todos eles, pero por ser unha parcela moi importante da nosa emigración, unha comunidade de homes que formaron unha xeración de pescadores cubanos, e por teren cada un unha traxectoria exemplar chea de riscos e loitas, no enfrontamento con ciclóns e armadores, penso que non tivo a repercusión que merecía, non por min, senón por estes homes. Este libro, ao que lle concederon o Premio da Crítica de Galicia, foi catalogado como precursor ou algo así do novo xornalismo galego.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non. Simplemente escribo cando teño tempo, na miña casa e en diversos momentos do día. Escribo no libro que teño entre mans ou para a prensa, algunha entrevista, algún prólogo etc., pero dando sempre prioridade ao libro en proceso.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Nunha antoloxía do conto galego, por exemplo, gustárame estar de par de Rafael Dieste, mestre e amigo, autor de *Dos arquivos do trasno*, inda que se trata dun autor doutra época.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Diría que me consagrei apaixonadamente á miña vocación, latente dende sempre, cando comecei a publicar os primeiros traballos (narracións, artigos, poemas) en Buenos Aires nos anos 50 do século pasado; que escribín sempre en lingua galega, malia residir corenta e tres anos en países de América; que máis que contar unha historia ou desafogarme cun poema interésame en primeiro lugar facer idioma; que ao longo da miña vida renunciei a moitas cousas para escribir, e non me arrepinto.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Todos os galegos dende o XIX, dende Rosalía, o mellor da Literatura Universal e con especial preferencia polos narradores latinoamericanos, que levaron o conto breve a un moi alto nivel.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Nada lle sobra. En toda literatura hai diversas gradacións; na nosa tamén. En todo caso, postos a medir, talvez lle sobre a pobreza léxica, ou sintáctica, pero todo se irá corrixindo. En xeral, ultimamente estase escribindo bastante ben, falando gramaticalmente. En canto á creación, sería desexable que houbera máis obras teatrais.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Unhas memorias dos meus trinta e un anos de Cuba.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

En liñas xerais está ao nivel da mellor literatura europea.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

É de desexar que a crise actual afecte o menos posible ás edicións de libros galegos. E, por suposto, que os nosos creadores sigan traballando contra vento e marea. Que non se instale o desánimo nas nosas letras.